

Instrucións para a inscrición na páxina web do centro

Na páxina de inicio, atoparemos unha imaxe do colexio a modo de benvida. Se prememos nesa imaxe, debaixo dela e debaixo de “Páxina en construción” aparecerá a seguinte mensaxe:

[Loguéate](#) ou [rexístrate](#) para enviar comentarios

Premendo en rexístrate, xa nos aparecerá o cuestionario de rexistro. Unha vez que o enviemos, este chegará ao administrador da páxina que o que fará é darnos a clave e activar a conta. Nese intre, xa poderemos comezar a enviar as nosas noticias, imaxes ou comentarios.

Na nosa páxina, pódese rexistrar todo o mundo que o desexe, pero o que vos recomendo é que, unha vez rexistrados, enviades unha mensaxe ao administrador indicando se sodes un alumno e de que curso, ou un pai/nai e o curso en que vai o voso fillo/a. Isto serviravos para que o administrador vos conceda uns determinados permisos de acceso e a publicación de contidos, dependendo do rol que vos asigne.

Un saúdo e moitas grazas polas vosas visitas e a vosa colaboración.